

## RESOLUCIÓN DE XERENCIA POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE LINGUAS ESTRANXEIRAS DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM) PARA O PRIMEIRO SEMESTRE DO CURSO 2025-2026, CAMPUS DE SANTIAGO E LUGO

A Universidade de Santiago de Compostela convoca, para o 1º semestre do curso académico **2025-2026**,  **cursos de linguas** a través do Centro de Linguas Modernas nos campus de Santiago e Lugo, de conformidade coas seguintes

### BASES

#### 1 Persoas destinatarias

Os cursos diríxense ao persoal e a estudantes da USC. Tamén están abertos a calquera persoa maior de 18 anos interesada, que non forme parte da comunidade universitaria.

#### 2 Cursos ofertados<sup>1</sup>

Impartiranse cursos de alemán, catalán, checo, francés, inglés, italiano e portugués.

Os detalles sobre os cursos recóllense no Anexo final, aínda que poderán experimentar cambios por motivos de organización.

#### Niveis impartidos

Ofrécense cursos de varios niveis de acordo co Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL). Tamén se ofrecen outros cursos de práctica de destrezas específicas recollidos no Anexo final.

#### Modalidades

##### Cursos semestrais

40 horas presenciais + 10 horas de traballo autónomo do alumnado. As clases teñen unha duración de 90 minutos por sesión con periodicidade 2 veces por semana (luns e mércores, martes e xoves, luns e venres) durante 4 meses.

As clases de italiano teñen 105 minutos por cada sesión, polo cal a duración do seu calendario é menor.

##### Cursos anuais

80 horas presenciais + 20 horas de traballo autónomo do alumnado. As clases teñen duración de 90 minutos por sesión con periodicidade 2 veces por semana (luns e mércores ou martes e xoves), durante 8 meses.

##### Cursos semestrais semiintensivos

40 horas presenciais + 60 horas de traballo autónomo do alumnado. As sesións teñen duración de 90 minutos e periodicidade de 2 veces por semana (luns e mércores ou martes e xoves), durante 4 meses.

##### Cursos anuais semipresenciais

40 horas presenciais + 60 horas de traballo autónomo do alumnado. As sesións teñen duración de 90 minutos e son 1 vez por semana, durante 8 meses.

Existen **outras modalidades** para catalán, checo e inglés recollidas no Anexo final.

---

<sup>1</sup> Os cursos de Galego e Español como lingua estranxeira teñen convocatorias propias.

### 3 Avaliación, créditos ECTS e certificación

Para aprobar estas actividades formativas cómpre a asistencia ao 80% das horas presenciais e a superación da avaliación continua e final.

Os/as estudantes que aproben estes cursos poderán solicitar o recoñecemento dos créditos ECTS (en xeral, 1 ECTS por cada 25h, ata un máximo de 12), en canto aos niveis, recoñeceranse os seguintes créditos: B1: 3, B2: 4, C1: 5 e C2: 6 aos estudantes da USC, segundo a [Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025, pola que se desenvolve o Regulamento en materia de recoñecemento de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos](#)

Ademais tal superación dará dereito a un documento acreditativo:

- a) Cursos que seguen o MECRL: certificación con selo de órgano e código seguro de verificación (CSV), que acredita:
  - a denominación do curso
  - a duración, en número de horas
  - o nivel segundo o Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL)
  - a identidade da ou do estudante (nome completo e documento de identificación)
  - a cualificación cualitativa (Aprobado, Notable, Sobresaliente, Matrícula de Honra) e numérica obtida

As certificacións poderanse descargar a través da Secretaría Virtual (SV) da USC premendo no enlace *\*Solicitud de certificación\**, seguir os pasos e pulsar en *\*Realizar unha nova solicitud\**.

- b) Restantes actividades formativas: diploma de aptitude, que acredita:
  - a denominación da actividade
  - a duración, en número de horas
  - o nivel (inicial, intermedio ou avanzado)
  - a identidade da ou do estudante (nome completo e documento de identificación)
  - a cualificación obtida (Apto, Non Apto).

Os diplomas de aptitude deben solicitarse ao enderezo [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal).

### 4 Test de nivel

Non terá que realizar un test de nivel previo:

- O alumnado do nivel inicial do idioma (vid. Anexo final)
- O alumnado do CLM que poida acreditar un nivel inmediatamente anterior do MECRL aprobado no ano ou semestre anterior no propio CLM. O alumnado coa acreditación allea ao CLM, debe poñerse en contacto previo con [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal)

Nos restantes casos, é preciso realizar un **test de nivel previo á matrícula**, que será presencial e/ou en liña (vid. o Anexo final).

Para realizalo hai que **inscribirse** no período sinalado para cada caso no Anexo e facelo a partir da [páxina web do CLM](#), que dará acceso á Secretaría Virtual ⇒ Actividades, cursos e probas ⇒ Test de nivel, e seguir as indicacións. A inscrición no test é gratuíta.

- As persoas inscritas no test de nivel presencial acudirán o día do test ao lugar e hora elixidos.

- As persoas inscritas no test de nivel en liña deben contactar co profesorado a través do enderezo electrónico indicado na pantalla.

Os resultados dos test de nivel publicaranse na secretaría virtual do alumnado.

**O nivel acadado no test non acredita o nivel correspondente segundo o MECRL, senón que só indica o nivel no que compe matricularse.**

Cando se teña o resultado do test de nivel asignado e o período de matrícula estea aberto, poderá elixir o horario dispoñible e matricularse no curso elixido.

No caso de ter problemas técnicos, contacten con [cau@usc.gal](mailto:cau@usc.gal) e sigan as indicacións recibidas.

## 5 Matrícula

A matrícula farase por Internet dende a [páxina web do CLM](#).

**Recoméndase que a/o estudante se matricule no CLM despois de formalizar a matrícula nos estudos regrados na USC**, xa que permite aplicar a tarifa reducida da USC e simplificar o proceso de introdución de datos persoais.

Os prezos de cada curso amósanse no Anexo final e responden a [tarifas oficiais](#). A matrícula inclúe a xestión administrativa, o dereito á asistencia e participación no curso, avaliación, titorías e a acreditación correspondente, de aprobar o curso.

Dada a natureza de servizo universitario e a súa consideración de estudos propios e específicos diferentes aos de validez en todo o territorio nacional, non se aplica o réxime de exencións ou subvencións á matrícula que rexe para os estudos universitarios ordinarios.

No caso de ter problemas coa matrícula en liña deben remitir unha incidencia ao enderezo [cau@usc.gal](mailto:cau@usc.gal) e seguir as indicacións recibidas.

Con carácter xeral, non se realizarán cursos que non acaden o **mínimo de 5 persoas**. No caso de anulación do curso, o alumnado ten dereito á devolución da matrícula ou ao cambio de curso.

No caso dos cursos semestrais e anuais haberá un prazo de dez días naturais dende a data de inicio do curso para solicitar a anulación e devolución da matrícula. No caso dos cursos intensivos o prazo será de cinco días.

A renuncia á matrícula por causas alleas á Universidade non dará dereito á devolución do seu importe.

## 6 Seguro

Agás as persoas que realizan os seus estudos no CLM da USC única e exclusivamente en liña e en ningún momento permanezan nas instalacións da USC, todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non están cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na USC no curso académico correspondente ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso son de nacionalidade estranxeira ou nacionais maiores de 28 anos e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe establecido como obrigatorio polo Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009. Máis información en: <https://www.usc.gal/gl/admision/visados> .

## 7 Información

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)  
Avda. das Ciencias 7, 1º  
Campus Vida – Santiago de Compostela

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)  
Aulario da facultade de Humanidades do  
Complexo docente  
Sala de profesorado do CLM (Lugo)

Tel.: (+34) 8818 14443

Correo electrónico: [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal)

## 8 Impugnación

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O REITOR  
P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)  
O Xerente  
Javier Ferreira Fernández

ANEXO

**Cursos anuais 2025-2026 no Campus Santiago**

Lingua Nome do curso	Nivel MECRL	Horas	Número de grupos	Número de prazas	Inscripción no Test de nivel Realización do Test (1º-5º)	Prazo de matrícula	Calendario das clases	Tarifas: 1º Estudiantes USC 2º Comunidade universitaria 3º persoas externas
Inglés anual presencial	A2	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15	29/08-28/09/2025  1º T: 11 Set, 14:30 2º T: 15 Set, 16:00 3º T: 18 Set, 12:30 4º T: 24 Set, 16:00 5º T: 29 Set, 19:30	29/08 2/10	02/10/2025 05/05/2026	210,00 € 260,00 € 350,00 €
Inglés anual presencial	B1	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15		29/08 2/10	02/10/2025 05/05/2026	210,00 € 260,00 € 350,00 €
Inglés anual semipresencial	B1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 30/09	30/09/2025 28/04/2026	135,00 € 167,00 € 225,00 €
Inglés anual semipresencial	B2.1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 30/09	30/09/2025 28/04/2026	135,00 € 167,00 € 225,00 €
Inglés anual semipresencial	B2	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 30/09	30/09/2025 28/04/2026	135,00 € 167,00 € 225,00 €
Inglés anual presencial	C1.1	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15		29/08 01/10	01/10/2025 06/05/2026	210,00 € 260,00 € 350,00 €
Inglés anual	C1.1	100: 40h presenciais	1	15		29/08	30/09/2025	135,00 €

semipresencial		e 60h de traballo autónomo				30/09	28/04/2026	167,00 € 225,00 €
Inglés anual semipresencial	C1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 02/10	02/10/2025 30/04/2026	135,00 € 167,00 € 225,00 €

### Cursos do 1º semestre 2025-2026 no Campus Santiago

Inglés semestral presencial semiintensivo	B1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15	29/08-28/09/2025	29/08	22/09/25	135,00 €
	B2.1		1	15		22/09	17/12/25	167,00 €
	B2		1	15	1º T: 11 Set, 14:30			225,00 €
	C1		1	15	2º T: 15 Set, 16:00 3º T: 18 Set, 12:30 4º T: 24 Set, 16:00 5º T: 29 Set, 19:30			
Alemán semestral	A1.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	A1.1 non precisa T de nivel	29/08	24-25/09/25	105,00 €
	A1		1	15	29/08 – 25/09/25	25/09	12-13/01/26	130,00 €
	A2.1.1		1	15	1º T: 16/09 – 10:00h			175,00 €
	A2		1	15	2º T: 17/09 – 16:00h			
	B1.1		1	15	3º T 10/09-25/09 contactar con <a href="mailto:josemanuel.perez@usc.gal">josemanuel.perez@usc.gal</a>			
Catalán semestral	A2	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	29/08-15/09/2025	29/08	22/09/25	30 €
					1º 15/09/2025 - 17:00	22/09	17/12/25	30 € 125 €

Catalán intensivo preparación exames IRL 1	B2-C2	50: 20h presenciais e 30h de traballo autónomo	1	15			02/10/25 18/12/25	24,00 € 24,00 € 100,00 €
Checo no contexto universitario	SN	12: 10h presenciais e 2h de traballo autónomo	1	15	Non precisa T de nivel Contactar con katerina.vlasakova@usc.gal	28/08 11/10	14/10 - 09/12/2025	25,20 € 31,20 € 42,00 €
Francés semestral	A1 A2.1 A2 B1.1 B2.1.1 C1.1.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1 1 1 2 1 1	15 15 15 30 15 15	29/08-17/09/2025 1º T: 16/09 – 10:00 2º T: 17/09 – 18:30 3º T: 18/09-24/09 contactar con <a href="mailto:alba.santome.nantes@usc.gal">alba.santome.nantes@usc.gal</a>	29/08 22/09	24-25/09/25 12-13/01/26	105,00 € 130,00 € 175,00 €
Italiano semestral	A2.1 B1.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo (sesións de 1h e 45 min)	4 2	60 30	A2.1 non precisa T de nivel 29/08-16/09/2025 1º T:16/09 – 12:00h 2º T:16/09 – 17:00h 3º T: 17/09-22/09 contactar con <a href="mailto:cristina.hernandez@usc.es">cristina.hernandez@usc.es</a>	29/08 22/09	22-23/09/25 10-11/12/25	105,00 € 130,00 € 175,00 €
Portugués semestral	A2 B1.1 B1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1 1 1	15 15 15	A2 non precisa T de nivel 29/08-22/09/2025 1º T: 16/09-16:00h	29/08 22/09	25/09/25 13/01/26	105,00 € 130,00 € 175,00 €

**Cursos do 1º semestre 2025-2026 no Campus de Lugo**

Lingua / Nome do curso	Nivel MECRL	Horas	Número de grupos	Número de prazas	Inscripción no Test de nivel Realización do Test	Prazo de matrícula	Calendario das clases	Tarifas: USC / externos
Alemán semestral presencial	A1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	29/08-24/09/2025	29/08	24/09/25	105,00 €
	A2.2.1		1		1º T 22/09 – 10:00h	24/09	12/01/26	130,00 €
	B1.1.2		1	15	1º T 22/09 – 17:30h			175,00 €
					15	3º T 10/09-24/09 contactar con <a href="mailto:manuel.fernandez.mendez@usc.gal">manuel.fernandez.mendez@usc.gal</a>		
Francés semestral presencial	A2.1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	29/08-17/09/2025	29/08	25/09/25	105,00 €
	B2.1.1		1	15	1º T: 17/09 – 10:00h	25/09	13/01/26	130,00 €
	C1.1.2		1	15	2º T: 17/09 – 18:30h 3º T: 18/09-24/09 contactar con <a href="mailto:martazul.busto@usc.gal">martazul.busto@usc.gal</a>			175,00 €
Inglés semestral presencial	B1.1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	29/08-16/09/2025	29/08	24-25/09/25	105,00 €
						25/09	12-13/01/26	130,00 €
Inglés semestral semipresencial	B2	40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15	1º T:16/09 – 12:00h	29/08	24-25/09/25	135,00 €
	B2.1		2	30	2º T:16/09 – 17:00h	25/09	12-13/01/26	167,00 €
	C1.1		1	15				225,00 €

Speaking and Listening Skills B2 – semestral semi-intensivo presencial	Speaking and Listening Skills B2	15h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	16/09-25/09/2025 3º T: contactar con <a href="mailto:a.lopez.rodriguez@usc.gal">a.lopez.rodriguez@usc.gal</a>	29/08 25/09	24-25/09/25 12-13/01/26	52,50 € 65,00 € 87,50 €

As actividades recollidas neste Anexo poderán sufrir cambios por motivos da organización.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/07/2025 09:49:26.

**CSV:** 428A-7ACE-4FC2-9E8E